

NORMAS DE USO

Preámbulo

Dentro dun conxunto de políticas públicas de planificación e desenvolvemento sostible, nas se inclúe a promoción de carrís bici e percorridos para bicicletas, e debido á importancia que isto ten para a calidade de vida das comunidades, preténdese implantar unha rede de mobilidade sostible para o transporte non contaminante de persoas, por motivos laborais ou de ocio, como alternativa válida ou complementaria de desprazamento aos medios de transporte establecidos.

Deste xeito, considéranse:

- As evidentes ganancias para a saúde pública, debido ao exercicio físico que promove para as persoas usuarias e o consecuente benestar das que o adoptan; o que contribúe a mellorar a mobilidade e a liberar espazo público para outras funcións
- A contribución á diminución do ruído e, en consecuencia, da contaminación acústica
- A redución significativa de gases contaminantes no medio urbano e a dependencia dos combustibles de orixe fósil que mellora considerablemente a calidade do aire que respiramos.

Así, créase o sistema de intercambio de bicicletas “e-bike Rio Minho”, que comprende o conxunto de equipamentos destinados á utilización temporal das bicicletas de uso compartido dispoñibles.

Artigo 1. Entidade xestora

- 1.1. O sistema de bicicletas de uso compartido “e-bike Rio Minho” xestiónao o AECT Rio Minho en colaboración cos concellos/municipios das eurociudades Cerveira-Tomiño, Valença-Tui e Monção-Salvaterra.
- 1.2. O sistema de bicicletas de uso compartido coñécese como “e-bike Rio Minho”.
- 1.3. Os contactos do sistema de bicicletas de uso compartido son os seguintes:
 - **AECT Rio Minho. Entidade xestora**
Correo electrónico: e-bikeriominho@aectriominho.eu
Páxina web: <https://www.aectriominho.eu/e-bikeriominho>
Enderezo: Avda. Miguel Dantas, 69. 4930-678 Valença, Portugal.

- **Puntos de atención:** información xeral/rexistro/activación de tarxeta.

Eurocidade Cerveira-Tomiño

- **Posto de Turismo de Vila Nova de Cerveira:** de luns a sábado, de 9:30 a 13:00 h, e de 14:00 a 17:30 h (hora local). Tel.: +351 251 708 023
- **Casa do Concello de Tomiño:** de luns a venres, de 08:00 a 14:00 h (hora local). Tel.: +34 986 622 001

Eurocidade Tui-Valença

- **Piscina municipal de Valença:** de luns a venres, de 9:00 a 18:00 h; sábado, de 9:00 a 14:00 h (hora local). Tel.: +351 251 809 523
- **Oficina de Turismo de Tui:** todos os días, de 9:30 a 14:00 h, e de 16:00 a 19:00 h (hora local). Tel.: +34 677 418 405

Eurocidade Monção-Salvaterra

- **Loja Interativa de Turismo. Monção:** todos os días, de 10:00 a 13:00 h e de 14:00 a 18:00 h (hora local). Tel.: +351 251 649 013
- **Posto de información turística da Zona Ribeirinha–Monção:** de luns a venres, de 9:00 a 13:00 h e de 14:00 a 17:00 h (hora local). Tel.: +351 961 146 871
- **Casa do Concello de Salvaterra de Miño:** de luns a venres, de 9:00 a 14:00 h (hora local). Tel.: +34 986 658 126 e +34 986 658 082
- **Museo da Ciencia do Viño:** venres, sábados, domingos e festivos, de 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 19:00h (hora local). Tel.: +34 617 148 866
- **Comunicación de avarías:** AECT Rio Minho. Tel.: +351 967 124 945 (dentro do horario de funcionamento do sistema).

Artigo 2. Definicións

No ámbito de aplicación destas normas de uso, proporciónanse as seguintes definicións:

- a) Sistema de bicicletas de uso compartido: é o equipamento destinado á utilización temporal das bicicletas de uso compartido dispoñibles nas estacións.
- b) Estacións físicas e/ou virtuais: son os puntos nos que as persoas usuarias do sistema poden obter bicicletas para o seu uso temporal e devolvelas unha vez rematado ese uso. As estacións físicas inclúen terminais de acceso integradas en cada punto de amarre e dispoñen de puntos de amarre seguros para as bicicletas. As estacións virtuais dispoñen dun espazo físico sinalizado destinado á recollida e á entrega de bicicletas.
- c) Titular: persoa que realizou o rexistro inicial ou posterior no sistema de uso de bicicletas. A ou o titular é o único responsable do uso da bicicleta, aínda que non sexa a ou o usuario efectivo.
- d) Usuario: calquera persoa portadora dunha tarxeta de uso ou outro medio que permita acceder ao sistema debidamente autorizado pola persoa titular.
- e) Tarxeta de usuario/a: tarxeta que se lles asigna ás e aos usuarios rexistrados, a cal permite gozar do sistema de bicicletas de uso compartido.
- f) Bicicletas “e-bike Rio Minho”: as bicicletas que son parte do sistema de uso compartido e que se atopan dispoñibles nas estacións.
- g) Rexistro posterior: o efectuado tras a caducidade dunha tarxeta asignada a través dun rexistro inicial.

Artigo 3. Estrutura do sistema

3.1. O sistema de bicicletas de uso compartido “e-bike Rio Minho” está formado por nove estacións localizadas en:

- Eurocidade Cerveira-Tomiño: dúas estacións físicas en Vila Nova de Cerveira e unha virtual en Tomiño.
- Eurocidade Tui-Valença: unha estación virtual en Tui e unha estación física e unha virtual en Valença.
- Eurocidade Monção-Salvaterra: dúas estacións físicas en Monção e unha virtual en Salvaterra de Miño.

Nestes lugares a ou o usuario poderá retirar e entregar a bicicleta.

A localización das estacións e a identificación dos perímetros de uso nas eurocidades anteriormente citadas e do corredor verde do río Miño están dispoñibles na aplicación “e-bike Rio Minho”, nas propias estacións e en <https://www.aectriominho.eu/e-bikeriominho>

3.2. O horario de funcionamento do sistema de bicicletas de uso compartido “e-bike Rio Minho” está dispoñíbel na aplicación do mesmo nome, na páxina web <https://www.aectriominho.eu/e-bikeriominho> e tamén nas estacións de ancoraxe; aínda que o AECT Rio Minho poderá realizar cambios na prestación do servizo por condicións climáticas adversas ou por razóns de carácter técnico que impidan o funcionamento do sistema ou debido a outras debidamente xustificadas.

Artigo 4. Persoas usuarias e custo do servizo

4.1. Son persoas usuarias do sistema de bicicletas de uso compartido:

- 4.1.1 As persoas residentes nos municipios de Monção, Valença, Vila Nova de Cerveira, Salvaterra de Miño, Tomiño e Tui, maiores de 18 anos (ou debidamente autorizadas polas persas titulares rexistradas) que se rexistren de forma inicial ou posterior e que obteñan unha tarxeta de usuario/a.
- 4.1.2 As persoas maiores de 18 anos que non residan nos seis municipios indicados no punto anterior ou non poidan demostralo.

- 4.1.3 As persoas que contén coa tarxeta de identificación das eurociudades Cerveira-Tomiño, Tui-Valença e Monção-Salvaterra, e que estean debidamente rexistradas no sistema “e-bike Rio Minho”.
 - 4.1.4 As entidades colectivas públicas e privadas con sede nos concellos mencionados no punto 4.1.1.
 - 4.1.5 As persoas que as usen de forma puntual e diaria, especialmente turistas e visitantes.
- 4.2. O rexistro inicial necesario para a utilización do sistema de bicicletas de uso compartido realizarase nos puntos de atención ao público identificados no artigo 1, para o que se deberá presentar a documentación ou os datos que se indican a continuación. Tamén se poderá facer directamente na aplicación “e-bike Rio Minho”, pero neste caso deberá pagarse a fianza correspondente.
- 4.2.1 Residente do municipio: DNI, documento de identidade ou tarxeta de residente para persoas físicas, ou copia do CIF da empresa, no caso das persoas xurídicas; datos de contacto (teléfono e correo electrónico). Rexistro e sinatura dun documento de responsabilidade.
 - 4.2.2 Entidade colectiva pública ou privada: documento de responsabilidade da entidade titular.
 - 4.2.3 Usuaría ou usuario regular que resida nalgún dos 26 concellos do territorio do AECT Rio Minho: DNI, documento de identidade, tarxeta de residente ou pasaporte; datos de contacto (teléfono e correo electrónico). Rexistro e sinatura dun documento de responsabilidade.
 - 4.2.4 Portadores de tarxeta das eurociudades: documento de responsabilidade asinado.
 - 4.2.5 Usuarías ou usuarios puntuais diarios, adhesión ao sistema de aceptación dun aviso de responsabilidade na aplicación “e-bike Rio Minho” e pagamento dunha fianza por valor de 150,00 € con tarxeta de crédito
 - 4.2.6. As usuarias ou usuarios regulares (referidos nos puntos 4.2.1, 4.2.2, 4.2.3, 4.2.4.) residentes en Portugal deben inscribirse nos puntos de atención dos concellos portugueses (Vila Nova de Cerveira, Valença e Monção) e os usuarios regulares que residan en Galicia deben facelo nos concellos de Tomiño, Tui ou Salvaterra de Miño.

4.3. Logo de rexistrarse, o AECT Rio Minho porá á disposición das persoas usuarias regulares un acceso gratuíto a través da aplicación “e-bike Rio Minho”; esta poderá adquirir unha (1) tarxeta física (co valor unitario de 5,00 €, que será gratuíta durante os seis primeiros meses de funcionamento do sistema) ou dúas (2) tarxetas máis, no caso das entidades colectivas públicas ou privadas (por exemplo, tendas e restaurantes) e tres (3) tarxetas máis para as unidades hoteleiras e o sector terciario, tamén co valor unitario de 5,00 €.

Para as e os usuarios puntuais diarios estará dispoñible un acceso gratuíto a través da aplicación “e-bike Rio Minho” e a fianza será liberada 48 horas despois da devolución da bicicleta segundo as condicións de uso.

4.3.1 Importes de uso do servizo para usuarias e usuarios regulares e entidades públicas e privadas: gratuíto. Non obstante, existe un límite temporal de uso de cada bicicleta por tarxeta: tres horas diarias, cun mínimo de 15 minutos entre usos o mesmo día. Unha vez superado este límite, penalizarase automaticamente e non se poderá acceder ao sistema durante 15 días seguidos. Se non se devolve a bicicleta en 24 horas, iniciarase un proceso coercitivo para recuperala.

4.3.2 Importes de uso do servizo para usuarios puntuais e diarios: gratuíto. Non obstante, existe un límite temporal de uso de cada bicicleta por tarxeta: tres horas diarias, cun tempo mínimo de 15 minutos entre usos do mesmo día. Unha vez superado este límite pero entregada no mesmo día, penalizaráselles con 50,00 €, que se lles descontarán da fianza. Se non se devolve a bicicleta en 24 horas, iniciarase un proceso vinculante de recuperación da bicicleta.

4.4. A persoa titular da tarxeta (ou tarxetas, no caso da adquisición de máis dunha) poderá facilitarlle a tarxeta a outra persoa (que será a usuaria do sistema); non obstante, toda responsabilidade polo cumprimento destas normas recae sobre a ou o titular da tarxeta.

4.5. O titular da tarxeta e o único responsable do uso do sistema, do cumprimento das normas de uso definidas e de calquera dano relativo/relacionado co uso das bicicletas.

4.6. O titular é responsable civil e penal do uso do equipamento, o que inclúe os danos causados a terceiras persoas derivados de accidentes de tráfico.

- 4.7. Os custos dos danos provocados e a reparación da bicicleta polo uso incorrecto imputaráselle á persoa titular do servizo que, no caso de non liquidación, pode perder definitivamente o dereito a gozar do servizo.
- 4.8. Para as e os usuarios puntuais e diarios, os custos dos danos provocados e a reparación da bicicleta polo seu uso incorrecto imputaráselle á persoa titular do servizo a través da retención da fianza; isto inclúe o importe que exceda o valor da fianza, se procede.

Artigo 5: tarxeta de usuario/a

- 5.1. Para que a tarxeta teña validez, a persoa usuaria deberá solicitar o acceso segundo as condicións indicadas no punto neste regulamento.
- 5.2. Ademais, estarán dispoñibles tres tarxetas, que serán distribuídas polos puntos de atención para que as persoas que residan nos municipios e que non sexan maiores de 18 anos poidan probar as bicicletas por un período de 10 minutos como máximo, nun percorrido predefinido e sen necesidade de rexistrarse para obter a respectiva tarxeta (só será necesario presentar un documento de identificación e asinar un documento de responsabilidade).
- 5.3. O pedido de renovación de uso (revalidación do servizo) efectuarase unha vez esgotadas as opcións iniciais de uso, concretamente o límite temporal de uso de 12 meses por tarxeta. A ou o residente titular só deberá presentar no momento da petición dun novo acceso (revalidación do servizo) o seu documento de identificación debido a que xa efectuou o rexistro inicial con anterioridade.
- 5.4. Os pagamentos poderán efectuarse nos puntos de atención identificados anteriormente. Poderán acordarse outros modos de pagamento contactando previamente co AECT Rio Minho no correo electrónico e-bikeriominho@aectriominho.eu ou por teléfono.
- 5.5. A tarxeta de usuario/a é propiedade do AECT Rio Minho e, no caso de perda, roubo ou deterioro, a persoa usuaria deberá informar inmediatamente os servizos para anulala.

- 5.6. A substitución dunha nova tarxeta debida aos casos expostos no punto 5.5. ten un prezo de 5,00 €.
- 5.7. A tarxeta de usuario/a poderá ser utilizada por terceiras persoas (a partir dos 15 anos de idade); non obstante, a persoa titular responde por todas as responsabilidades derivadas do uso do sistema por parte de terceiras persoas.
- 5.8. Queda prohibido reproducir, de calquera xeito, a tarxeta de usuario/a proporcionada no momento do rexistro.

Artigo 6. Obrigas da persoa usuaria

6.1. A persoa usuaria está obrigada a:

- a. Comprobar que a bicicleta se atopa en bo estado de uso e mantemento e a contactar cos servizos do AECT Rio Minho, no caso de detectar algunha situación anómala antes de retirala do punto de uso segundo as instrucións que figuran nas estacións físicas e/ou virtuais.
- b. Usar obrigatoriamente casco por razóns de seguridade persoal. A persoa usuaria é responsable do incumprimento desta obrigatoriedade e o AECT Rio Minho non se responsabiliza dos danos persoais provocados por non usar o casco de protección nin de eventuais infraccións no ámbito das normas legais en Portugal e España (nos postos existe información sobre onde alugar cascos).
- c. Estacionar a bicicleta en zonas axeitadas e seguras, a respectar sempre o código de circulación e a utilizala soamente as vías públicas ou noutras infraestruturas adecuadas durante o período de uso.
- d. Devolver a bicicleta nas estacións físicas ou virtuais ao rematar cada uso e a verificar que está en condicións de amarre de seguridade (no caso de utilizar a estación virtual, a persoa usuaria está obrigada a verificar na aplicación “e-bike Rio Minho” que o sistema reconece a entrega correcta da bicicleta a través da visualización da mensaxe «Grazas/Thank you» ou doutro xeito de aviso).
- e. Informar canto antes de calquera avaría detectada.
- f. Utilizar a bicicleta como transporte de uso estritamente persoal.

- g. Circular exclusivamente en vías pavimentadas, respectando sempre as normas definidas no código de circulación e utilizar as vías públicas ou outras infraestruturas adecuadas durante o período de uso.
- h. No caso de furto ou roubo da bicicleta, comunicarlle, no prazo máximo de 12 horas, o suceso ao AECT Rio Minho; esta comunicación acompañarase da copia da denuncia presentada nas entidades policiais; se non o fai prohibiráselle utilizar o sistema polo período dun ano e deberá compensarlle ao AECT Rio Minho por un importe mínimo de 750,00 €.
- i. Comprobar e asegurarse de que a autonomía enerxética da bicicleta é suficiente para devolvela a unha das estacións. Calquera transporte solicitado pola persoa usuaria dunha bicicleta a unha das estacións debido ao gasto total do nivel de enerxía das baterías ou calquera outro motivo, non imputable á AECT Río Minho, deberá ser asumido pola persoa usuaria, polo menos 50,00 € para o primeiro usuario e 30,00 € para o segundo e posteriores.

6.2. Quédalle expresamente prohibido á persoa usuaria:

- a. Estacionar outro vehículo que non sexa a bicicleta do sistema nas respectivas estacións.
- b. Aparcar temporalmente a bicicleta nos aparcadoiros ou permanentemente (ata novo desbloqueo) nas estacións. Sempre que a bicicleta permaneza nos aparcadoiros, ficará sempre baixo a responsabilidade da persoa titular e contabilizarase o tempo de utilización.
- c. Abandonar sen xustificación a bicicleta; nese caso non poderá utilizar o sistema durante o período dun (1) ano e deberá compensarlle ao AECT Rio Minho polo importe de 750,00 €
- d. Transportar pasaxeiros na bicicleta (persoas ou animais).
- e. Utilizar a bicicleta sen estar en condicións de facelo.
- f. Está prohibida a utilización da bicicleta con fins lucrativos, comerciais ou calquera outro tipo de uso profesional.
- g. Está prohibida a utilización da bicicleta en terreos que non teñan as condicións axeitadas para ese efecto, coma escaleiras, pendentes, campos de terra, pistas de patinaxe, campos deportivos, entre outros, de igual natureza ou tipo.
- h. A desmontaxe ou manipulación (incluído o pintado) non autorizado parcial ou total da bicicleta; nese caso compensaráselle ao AECT Rio Minho por un importe mínimo de 750,00 €.

- i. Saír do perímetro de uso do sistema previamente definido no punto 3.1.. No caso de usar o corredor verde do río Miño máis alá dos límites do concello de orixe da estación de recollida da bicicleta, a persoa usuaria debe entregar esa bicicleta nas mesmas estacións de orixe da recollida; no caso de que a entregue en estacións do sistema localizadas nos outros concellos galegos ou portugueses incorrerá nun custo de 50,00 €, ademais dun período de suspensión de 15 días seguidos, que poderá prorrogarse mentres non se liquide esta cantidade.

POLÍTICA DE PRIVACIDADE E AUTORIZACIÓN DE CONSENTIMENTO

De acordo coas disposicións do Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello núm. 679/2016, de 27 de abril, a persoa usuaria, ao rexistrase no sistema, autoriza e consinte o tratamento dos seus datos persoais para os fins da prestación do servizo de alugueiro do vehículo indicado. Os datos persoais indicados neste documento non se utilizarán para fins de comunicación e/ou márketing, e manterao e accederá a eles a persoa responsable da operación de alugueiro, soamente durante o período definido, ata o novo rexistro ou por indicación da persoa titular dos datos; os soportes físicos e informáticos destruíranse ao finalizar ese período, excepto cando non exista a necesidade de mantelos como elemento de proba, por motivos xudiciais ou contractuais. A ou o titular declara que ten máis de 18 anos de idade e a capacidade legal necesaria prestar o seu consentimento inequívoco para o procesamento dos seus datos persoais.

Estas normas e a respectiva política de privacidade poderán estar suxeitas a alteracións (con comunicación previa ás persoas titulares con rexistro válido) para adecualas aos diferentes tipos de tecnoloxías de xestión do sistema que puideran implantarse nun futuro.

Declaro que lin e acepto:

- A) As normas de uso do sistema **“E-bike Rio Minho” do AECT Rio Minho** e a
- B) **A política de privacidade e autorización de consentimento**

(punto de atención) _____ de _____ de _____

Sinatura: _____

Código de cliente: _____